

**ACTA DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN PARA UN POSTO DE TÉCNICO/A FUNCIONARIO/A INTERINO/A PARA COORDINACIÓN ADMINISTRATIVA DE CAPTACIÓN E XESTIÓN DE SUBVENCIÓNS FINANCIADAS CON FONDOS NEXT GENERATION UE**

No Centro de Desenvolvemento Local de Ponteareas, sendo as 8:45 horas do día 28 de decembro de 2021, reúnese o tribunal nomeado por resolución da alcaldía de 21 de decembro de 2021, que examinará ás/aos aspirantes á praza convocada pola resolución de Alcaldía de data 17 de setembro de 2021 (Decreto nº 2021-2135), correspondente a un posto de técnico/a como funcionario/a interino/a, para a coordinación administrativa da captación e xestión de subvencións financiadas con fondos “Next Generation UE” procedentes da Unión Europea, fondos do “Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

**Dos membros do tribunal, nomeados segundo a citada resolución e convocados para o día de hoxe, están presentes os seguintes:**

**D. Xurxo Gómez Alonso, en calidade de Presidente; D. Carlos Potel Alvarellos, en calidade de secretario, D. Miguel Angel Fontán Pérez en calidade de vogal e Dna. Cristina Pérez Pérez, en calidade de vogal.**

**Existindo quórum para a celebración do tribunal, procédese a realización do primeiro exercicio de carácter obligatorio e eliminatorio coas preguntas que foron elexidas polo Tribunal, non sendo necesario realizar o segundo exercicio por ter todos os aspirantes presentados o título CELGA 4, a valoración de méritos e lectura do primeiro exercicio, según o establecido nas bases de selección, co seguinte resultado:**

APELIDOS E NOME	DNI	VALORACIÓN MÉRITOS		PRIMER E SEGUNDO EXERCICIOS E LECTURA	PUNTOS TOTAIS
		EXPERIENCIA	FORMACIÓN		
FERNÁNDEZ SABORIDO, ANZO MANUEL		Non superou o primeiro exercicio			
FREIRE QUINTAS, MARTA	***9105**	2	0,6	8,438	11,038
VARELA CARIDE, VÍCTOR	***7933**			Non superou o primeiro exercicio	
LOPEZ DE LUZURIAGA PARENTE, PABLO	***2861**	0	0	7,31375	7,31375
GARCÍA NOAL, ANDREA		NON PRESENTADA			
GRANDE SANTOS, IGNACIO FRANCISCO		NON PRESENTADA			
MERINO MARIÑO, MÓNICA			NON PRESENTADA		
SILVA CANABAL, LUCÍA			NON PRESENTADA		
VIDAL TOUZA, VIRGINIA			NON PRESENTADA		

Vistas as puntuacións obtidas polos candidatos, este tribunal propón ao órgano competente a contratación de: DNA. MARTA FREIRE QUINTAS. No caso de renuncia ou baixa, proponse a seguinte da lista en orden de maior puntuación. O/a aspirante proposto/a para o nomeamento deberá aportar, no prazo de 5 días hábiles dende a proposta da Comisión de Valoración, a documentación seguinte:

- Título orixinal, copia auténtica do título esixido para presentarse a esta convocatoria ou xustificante de ter abonado os dereitos para a súa expedición. Se os documentos estiveran expedidos despois da data na que rematou o prazo de presentación de instancias, deberá xustificar o momento en que finalizaron os seus estudos.
- Declaración de non ser separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Declaración de non exercer outra actividade para a que resulte incompatible (Lei **53/1984**).
- Acreditación de apto no recoñecemento médico que se efectuará a través dos Servizos Médicos de Empresa.

Se o/a aspirante titular proposto/a non presentara a documentación completa no prazo establecido (5 días hábiles), considerarase decaído nos seus dereitos e non poderá ser nomeado, procedéndose ao nomeamento dos/as aspirantes que teñan obtido maior puntuación de acordo coa orde establecida pola Comisión de Valoración.

Achegada a documentación e sendo esta correcta, procederase ao nomeamento, con carácter de interinidade, polo órgano competente.

**Sendo as 15:00 horas da data do encabezamento e de orde do presidente, levántase a sesión da que eu, como secretario dou fe mediante a presente acta.**

**Contra o presente acto, poderase interpoñer recurso de alzada ante o tribunal de valoración ou ante ou órgano que o nomeou, no prazo dun mes, a partir do día seguinte a súa publicación, no taboleiro de anuncios do concello, de acordo co establecido, nos artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.**

**Asdo.: D. Xurxo Gómez Alonso**

**Asdo.: D. Carlos Potel Alvarellos**